

MIDSOMMAR

Ari Aster, 2019

567

ESTREA EN NUMAX: 26.07.2019 | V.O.S.E. | +18

Midsommar (2019, 140')

Dirección: Ari Aster

Guión: Ari Aster

Elenco: Florence Pugh, Jack Reynor, Will Poulter, William Jackson Harper, Ellora Torchia, Archie Madekwe, Vilhelm Blomgren, Julia Ragnarsson, Anna Åström, Anki Larsson

Son: Ruy García

Dirección de arte: Sándor Jani, Zsuzsa Svarteczki

Vestuario: Virág Ildikó Erdei, Milliner Lili Komuves, Flora Kovacs, Zsófia Laczko, Aliz Szirtes

Montaxe: Lucian Johnston

Música: The Haxan Cloak

Fotografía: Pawel Pogorzelski

Produtora: B-Reel Films, Parts and Labor (EEUU)

Distribuidora: DeAPlaneta

Formato de proxección: DCP2K, 2.00:1

Idioma orixinal: Inglés, sueco

FILMOGRAFÍA

Hereditary, 2018

C'est La Vie, 2016 [curtametraxe]

La cabeza de la tortuga, 2014 [curtametraxe]

Basically, 2014 [curtametraxe]

Munchausen, 2013 [curtametraxe]

The Strange Thing About the Johnsons, 2011 [curtametraxe]

Beau, 2011 [curtametraxe]

SINOPSE

Unha parella estadounidense que non está a pasar polo seu mellor momento acode cuns amigos ao Midsommar, un festival de verán que se celebra cada 90 anos nunha aldea remota de Suecia. O que comeza como unhas vacacións soñadas nun lugar no que o sol non se pon nunca, pouco a pouco se converte nun escuro pesadelo cando os misteriosos aldeáns os convidan a participar nas súas perturbadoras actividades festivas.

«Unha experiencia visceral, única, que esixe ser vista na gran pantalla. O filme de terror de 2019»

Nick De Semlyen, EMPIRE



Un extraordinario folk-horror

Por John Tones

Midsommar ten moitos elementos en común con *Hereditary* (2018), o primeiro filme de Ari Aster, pero son moitos máis as cousas que os afastan. Son diferenzas xoguetonas, formuladas como pílulas de veneno para as ideas preconcebidas que o espectador puidera ter tras aquela maxistral ópera prima. Ao fin e ao cabo, cando *Hereditary* foi saudada como un dos grandes filmes de xénero dos últimos tempos, Aster afirmaba que era un drama familiar que se convertía nun pesadelo, sen chegar a pendurarlle a pouco cool etiqueta de filme de terror.

Por iso, cando Aster anunciou que o seu segundo filme ía ser unha peza de terror rural ambientado no solsticio de verán escandinavo e empezou a amosar imaxes que remitían de xeito inevitábel a un dos clásicos máis respectados do folk-horror como é *El hombre de mimbre* (Robin Hardy, 1973), moitos nos aproximamos con cautela a *Midsommar*. Máis aló de como puideramos categorizar *Hereditary*, estaba claro que era unha peza moi diverxente coas tendencias e as modas do xénero.

Midsommar resulta ser un filme que xoga coas convencións dun filme de terror ao tempo que semella gozar frustrando as expectativas de quen o vai ver crendo que pode anticiparse ás intencións de Aster. Non porque presente xiros radicais das convencións do folk-

horror ou mesmo do filme de mozos guapos e civilizados vs. monstros rurais, senón pola forma calma, anticlimática que ten de transcourir a acción.

Unha cousa que semella clara é a débeda con *Hereditary* no tratamento do tempo, nesa elasticidade viscosa propia dun pesadelo. Pero tamén funciona como reverencia á atmosfera opresiva da inevitábel *El hombre de mimbre*, onde os primeiros pasos que dá o sarxento Howie na illa de Summerisle son, de partida, lamacentos e inestábeis, e tamén o inicio dun tobogán directo á desconexión total co mundo civilizado.

Como en *Hereditary*, Aster inxecta no relato negros presaxios sobre o que vai suceder. A bagaxe emocional da protagonista, a flor de pel desde os primeiros compases, está extraordinariamente ben narrada, coa soberbia dosificación de impacto puro e a atmosfera ominosa propia de Aster. Estes primeiros minutos despregan uns designios que o espectador entende e asimila, aínda que se se tratase dunha coñecida en circunstancias normais, non dubidaría en calificar de supersticiosos... o que resulta brillantemente atinado para o que imos ver.

Se o espectador se sobrepón ao esixente ritmo que impón Aster —que non ten nada de arbitrario e caprichoso, máis ben todo o contrario: obedece a unha implacábel indagación nas posibilidades do tempo narrativo como ferramenta desestabilizadora—, obterá un filme que usa certos códigos do terror para falar da necesidade e os perigos da pertenza a unha comunidade (un país, unha familia, unha relación amorosa). Ou no caso da nosa heroína, a fonda desazón

que lle provoca o non percibir esa pertenza. Aster quere falar dunha ruptura amorosa, pero tamén do pasaporte directo ao caos que supón a quebra con todo tipo de lazos emocionais.

Midsommar decorre parello ao perpetuo xesto de sorpresa, pavor e infantil ledicia da radiante Pugh, e pretende ser o filme de terror con menos escuridade de todos os tempos. Un propósito que impregna todo e cada un dos seus aspectos: do seu ritmo que semella esmagado pola calor até os estoupidos *gore* e de violencia malsá (que teñen algo de revelador e festivo), pasando polos seus inesgotábeis temas (só hai algo máis canicular que un amor de verán: unha ruptura de verán). *Midsommar* dá moito máis do que promete, enganosamente sinxela en comparación con *Hereditary*. Pero non vos deixedes confundir polo ambiente: toda festa patronal agocha un ganso esfolado.

Publicado en www.espinof.com

Tradución: Xan Gómez Viñas

O director

Ari Aster (1986) nace en Nova York no seo dunha familia xudía pero múdase axiña a Novo México, onde pasa a adolescencia. Apaixonado desde novo polo cinema de terror, debuta na dirección con abraiantes curtametraxes realizadas no AFI Conservatory de Los Angeles, entre as que destaca *The Strange Thing About the Johnsons* (2011), onde o horror se desencadea nas relacións intrafamiliares dunha respectábel familia de clase media. A consagración definitiva deste mozo talento chega en 2018 coa perturbadora *Hereditary*, unha das mellores películas de terror da década, estreada en Sundance e aclamada unánimemente por crítica e público.

NA LIBRARÍA NUMAX

Hereditary, Ari Aster. Tripictures [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenumax

MARTA

